



“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA SELECCIÓN PARA O POSTO DE DIRECTOR/A-XERENTE DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO”

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación do director/a xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo como Persoal de Alta Dirección ao amparo do previsto no Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección e no artigo 17 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

O/a Director/a-Xerente desenvolverá as súas función de acordo coas instrución emanadas e poderes outorgados polo Consello de Administración da S.A. do Plan Xacobeo.

2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos.
- d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para es empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado



f) Estar en posesión do título de grao ou licenciatura, na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecela.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

3. SOLICITUDES.

O prazo para a presentación das proposicións rematará o sétimo día natural posterior a publicación deste anuncio no DOG. As proposicións presentaranse no Rexistro da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo (Av. Fernando de Casas Novoa, Pavillón de Galicia, San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela). A presentación das proposicións en lugar distinto do sinalado será causa de rexeitamento ou exclusión.

A estes efectos a hora de peche do Rexistro será as 14:00 horas. Se coincidira en sábado, domingo ou festivo prorrogarase ata o día hábil seguinte.

A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.

Na solicitude os / as aspirantes deberán presentar declaración responsable de que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos e acompañar copia simple do DNI ou pasaporte en vigor; orixinal ou fotocopia cotexada do título universitario esixido ou certificación académica que acredite ter realizados os estudos para a obtención do título ou, de selo caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do título académico.

Coa solicitude tamén deberá relacionar de xeito individualizado cada un dos méritos que aleguen e acompañar a documentación acreditativa dos mesmos para a súa valoración, ben orixinal ou ben fotocopia cotexada.

O domicilio que figure nas instancias considerarase como o único válido aos efectos das notificacións, sendo de responsabilidade do aspirante tanto os erros na súa consignación como a comunicación de calquera cambio.



Esta Sociedade, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, custodiará e tratará a documentación recibida de maneira confidencial e unicamente co obxecto de valorar as candidaturas presentadas, non almacenándose por ningunha vía, ficheiro ou medio, nin sendo cedida, en todo ou en parte a terceiras persoas ou entidades.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Tras a finalización do prazo de presentación das solicitudes de participación, a Presidenta do Consello de Administración da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión. Establécese un prazo de tres días hábiles para emendar os defectos dos que adoezan as solicitudes, así como para presentar reclamacións aqueles solicitantes excluídos. Esta resolución publicárase na páxina web e no taboleiro de anuncios da Sociedade.

Transcorrido o prazo de reclamacións, en caso de habelas, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución da Presidenta do Consello de Administración. Nela, ademais , se especificarán:

Lugar, data e hora do comezo das actuacións do tribunal de selección.

Esta resolución farase pública na páxina web e no taboleiro de anuncios da Sociedade.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección designado pola presidenta do Consello de administración, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: A xerente da Axencia Turismo de Galicia.

Secretaria: A xefa do Departamento Xurídico da Sociedade.

Vocais:

O director de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia.

A Directora-Xerente de Turgalicia

O xefe de Área de Exposicións da Sociedade.



Deberá absterse de formar parte do tribunal, aqueles membros os que lles afecte calquera das circunstancias previstas no artigo 28 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administración común.

Ase mesmo, e contra a composición poderá interpoñerse, por parte dos aspirantes e polos mesmos motivos que puideran dar lugar a abstención, escrito de recusación no prazo de tres días hábiles a partir da publicación da resolución da Presidenta do Consello de Administración recollida no parágrafo segundo do punto catro destas bases.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar de non estar presentes todos os seus membros. A súa actuación axustarase ás bases da convocatoria. Non obstante, o mesmo tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases.

Resultan de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

6.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

O tribunal seleccionará os/as aspirantes, conforme a estas bases entre todas aquelas persoas que acrediten cumprir os requisitos esixidos, conforme o seguinte proceso de selección:

1ª Fase: Baremación de méritos alegados

A puntuación máxima é de 60 puntos conforme á seguinte táboa de baremación:

A) Formación. Corresponde a este apartado a puntuación máxima de 25 puntos.

- Por título doutra especialidade impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologadas. 5 puntos por especialidade ata un máximo de 10 puntos
- Por teses de licenciatura o grao. 3 puntos por tese de licenciatura ou grado ata un máximo de 3 puntos .
- Por curso de doutorado. 0,5 puntos por cada curso de doutorado ata un máximo de 2 puntos.
- Por título de doutor: 5 puntos por título de doutor ata un máximo de 10 puntos



B) Experiencia. Corresponde a este apartado a puntuación máxima de 35 puntos.

- Polo desenvolvemento de tarefas de dirección relacionadas co ámbito cultural en todo tipo de administracións públicas ou acreditados co correspondente contrato laboral ou certificación de empresa. 1 punto por cada seis meses ou fracción, cun máximo de 14 puntos.
- Polo desenvolvemento de labores docentes e de coordinación de accións formativas relacionadas co ámbito cultural ou proxectos de investigación . 1 punto por cada curso de formación impartido, cun máximo de 6 puntos.
- Por publicacións, participación en proxectos de investigación e reunións científicas, cun máximo de 15 puntos.
 - Libros: ata 3 puntos
 - Capítulos de libros: ata 2 puntos
 - Artigos publicados en revistas científicas: ata 2 puntos
 - Participación en congresos e reunións científicas: ata 4 puntos (Ponencia: 2 puntos; Comunicación: 2 punto)
 - Publicacións de carácter divulgativo, xornalístico, etc: ata 2 puntos
 - Asistencia a cursos, congresos o reunións científicas: 2 punto

2ª Fase. Valoración dunha memoria de actividades.(30 puntos)

Presentarase unha memoria relacionada co camiño de Santiago ou a cultura xacobeá, na que deberán identificarse os seguintes aspectos: descrición da actividade proposta, obxectivos, metodoloxía e avaliación.

O proxecto non poderá superar os 7 folios de extensión, a dobre espazo por unha soa cara, letra Arial, tamaño 11. Valorarase a adecuación das actividades propostas e a viabilidade das mesmas para a consecución dos obxectivos.

3ª Fase. Entrevista persoal (10 puntos)

O resultado das puntuacións das dúas primeiras fases deberá publicarse na web e no taboleiro de anuncios da Sociedade, dando un prazo de tres días hábiles para presentar reclamacións.



Resoltas, de ser o caso, as reclamacións, publicaranse na web e no taboleiro de anuncios as puntuacións definitivas, sendo convocados/as a esta fase de entrevista os tres aspirantes con maior puntuación.

En caso de empate, resolverase a favor da muller, de conformidade co disposto no artigo 37 da lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de existir infrarrepresentación do sexo feminino, en segundo lugar por aquel aspirante que teña obtido a maior puntuación no apartado de formación e, en terceiro lugar, polo aspirante que teña obtido a maior puntuación no apartado de experiencia laboral.

O Tribunal manterá una entrevista técnica con cada candidato, na que constataranse os elementos curriculares do aspirante, que se deduzan da documentación aportada polo mesmo, así como os seus coñecementos sobre os aspectos relacionados co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá, valorase a adecuación do seu perfil profesional o posto de traballo que se oferta, así como cantas outras cuestións que estime adecuadas a súa idoneidade como candidato. Esta entrevista terá unha duración máxima de vinte minutos.

7. FORMA DE ACREDITACIÓN E VALORACIÓN DOS MÉRITOS

Aportarase orixinal ou fotocopia cotexada dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral ou certificado de abono de cotas ao réxime de autónomos, se se alegan servizos profesionais por conta propia; contratos de traballo por conta allea; ou toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público, se é o caso. O aspirante poderá anexar os documentos explicativos de informacións que considere, para a mellor comprensión da natureza dos servizos prestados ou outros extremos que considere necesarios.

A Comisión non valorará aqueles méritos das persoas aspirantes que non estean acreditados, nin aqueles que sexan posteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



8. CUALIFICACIÓN E LISTA DE SELECCIONADOS

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da muller, de conformidade co disposto no artigo 37 da lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de existir infrarrepresentación do sexo feminino, en segundo lugar por aquel aspirante que teña obtido a maior puntuación no apartado A) da fase 1ª, en terceiro lugar atenderase a maior puntuación obtida no apartado B) da fase 1ª e, en cuarto lugar, polo aspirante que teña obtido a maior puntuación na fase 2ª, e se finalmente persiste o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios da Sociedade as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación do candidato seleccionado. Establécese un prazo de tres días hábiles, desde a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

O tribunal elevará ao Consello de Administración da Sociedade a proposta a favor do aspirante que teña obtido a maior puntuación e ordenará os restantes aspirantes desta terceira fase a fin de conformar a lista de espera.

9. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A incorporación ao posto de traballo efectuarase dentro dos 15 días naturais seguintes ao requirimento formal por parte de la sociedade.

El réxime xurídico do posto de traballo obxecto do proceso de selección será o de laboral de alta dirección coas características, natureza e alcance expresados no apartado 1 destas bases.

María Nava Castro Dóminguez
Presidenta do Consello de Administración
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo